# LUGAR DA COMPETICIÓN




Clube de DESCONTOS %
Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

EXCLUSIVO
PARA CAZADORES FEDERADOS

MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores

Infórmate na túa sociedade, nunha das oficinas da FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA ou na nosa web

www.federaciongalegadecaza.com

GALICIA SAUDABLE

*"A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza"*



# COMITÉ ORGANIZADOR

**DON JAVIER NOGUEIRA DIZ**
Presidente Federación Galega de Caza
**DON JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR**
Presidente Federación Galega de Caza na Coruña
**DON JOSÉ LUIS SÁNCHEZ MANCEBO**
Presidente Sociedade de Caza 'Río Sar'
**DON JOSÉ MOURE CANEDA**
Secretario Xeral Federación Galega de Caza

# DIRECTOR DE TIRO

**DON JOSÉ A. PENA FERNÁNDEZ**
Delegado de Tiro da Federación Galega de Caza

# ÁRBITROS

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC

# XURADO DE COMPETICIÓN

Nomearase pola Federación Galega de Caza

# SORTEO DE ESCUADRAS E DORSAIS

O sorteo de escuadras e dorsais realizarase o día 6 de xullo ás 9:00 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

# REGULAMENTO

O campionato rexerase polo vixente regulamento da Federacion Galega de Caza e normas complementarias da Federación Galega de Caza.
Segundo a normativa de Compak Sporting e Percorridos de Caza, é obrigatorio o emprego de proteccións acústicas e ópticas para participantes e para xuíces.

*Para participar en calquera proba é obrigatorio ter a documentación en vigor para a competición na que se participa, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade.*

# DATAS E HORARIOS

**10 de xullo de 2021**
Adestramentos a partir das 11:00 h
**11 de xullo de 2021**

**8:00 h – Concentración de participantes no campo de tiro.**
**8:30 h – Comezo da competición**

# PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓNS

O campionato disputarase no campo de Tiro denominado Río Río Sar, sito en Vilouchada, Chaián (A Coruña) sobre 150 pratos, nas categorías de Home, Muller, Sénior, Veterano, Master, Xuvenís e Tiro Adaptado.
Participarán 66 tiradores oficiais: 18 por A Coruña, 17 por Lugo, 13 por Ourense e 17 por Pontevedra máis o campión do ano anterior. O campionato se desenvolverá na **MODALIDADE EN LIÑA**, xa que o Campionato de España disputarase de mesmo xeito (Regulamento Fitasc 2021).

As inscricións dos Seleccionados Provinciais realizaranse mediante a acta do Campionato Provincial, debendo obrar esta na sede da FGC antes do día 6 de xullo. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas, deberán dispor de un seguro de R.C. cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima.

Por libre poderá participar calquera tirador federado que o desexe, debendo inscribirse na FGC antes do 6 de xullo. O pago da inscrición poderá realizarse antes de remata-lo prazo da mesma mediante transferencia en **Abanca na conta ES59 2080 0393 74 3040000159,**

**PREZO INSCRICIÓN:** 60€ HOME, MULLER, SENIOR, VETERANO E MASTER

40 € XUVENIL

Será Campión Galego o mellor clasificado no campionato autonómico, sempre que participara nun campionato provincial. O nº de prazas da selección galega estará formado por 6 tiradores, 4 da categoría home, clasificados conforme á normativa de competicións da FGC, e 2 tiradores pertencentes a dúas categorías especiais (sénior, donas, xuvenís, veteranos, Master e Tiro Adaptado). Para a elección das categorías especiais tomarase como base aquelas nas que o primeiro clasificado obtivera maior número de pratos escachados no Campionato Galego conforme á normativa de competicións da FGC.

A competición axustarase ó Protocolo Fisicovid da FGC, aprobado por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte con data 17/02/2021. A proba farase ao aire libre, sendo obrigatorio o uso da mascarilla

DVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.